



INSTRUCCIÓN 4/2013, DA SECRETARIA XERAL DA USC SOBRE ACTAS DE TUTELA ACADÉMICA NA ETAPA DE TESE

O calendario académico aprobado polo Consello de Goberno establece que o curso académico organizárase en dous semestres académicos e abarcará dende o día 1 de setembro de 2013 ao 31 de xullo de 2014 e que será único para os estudos adaptados ao EEES e os que se atopen en proceso de extinción.

A Secretaría Xeral tiña aprobado un “Procedemento para cubrir actas do terceiro ciclo en Xescampus” no que se incluían as actas de tutela académica e se establecía un prazo de cobertura e entrega no mes de setembro, o que é incompatible cos calendarios aprobados e co adelanto da matrícula para os estudos de doutoramento

Neste senso e en tanto se extinguen os plans de estudos anteriores ao Real Decreto 99/2011, cómpre adecuar a cobertura de actas aos calendarios oficiais.

Por todo o anterior esta Secretaría resolve:

1.1 Elaboración da acta na Secretaría Virtual do PDI

Calquera dos directores/as, titor/as do/a alumno/a poderá confeccionar o informe que se inclúe na acta de tutela académica que figura na Sección de Matrícula e Actas na Secretaría Virtual do PDI. Crearase unha acta para cada alumno con matrícula na etapa de tese no curso académico. Na acta figurarán todos os datos necesarios agás o informe que debe elaborar o/a director/a ou titor/a.

1.2 Peche e sinatura da acta

Calquera dos directores/as ou titor/a poderá proceder ao peche da acta. Unha vez pechada procederase a imprimir a mesma e todos os directores/as deben asinar a acta, ou o/a titor/a de ser o caso. Asimesmo se debe proceder ao seu envío a través da aplicación informática

1.3 Entrega da acta asinada na secretaría do departamento/instituto

A acta asinada depositarase na secretaría administrativa do departamento/instituto ao que está adscrito o alumno. O funcionario da secretaría administrativa deberá rexistrar na aplicación de xestión académica a data de entrega da acta e quedará arquivada e depositada na secretaría administrativa do departamento.

1.4 Calendario de actas terceiro ciclo de plans de estudos anteriores ao RD 99/2011

	Data apertura actas	Data de peche	Data límite recepción na secretaria administrativa do departamento na que está inscrito o proxecto de tese
Actas tutela académica (Etapa de tese)	10 de xullo	20 de xullo	30 de xullo

Santiago de Compostela, 27/06/2013

A Secretaria Xeral



Lourdes Noya Ferreiro

Lourdes Noya Ferreiro